

## *O destino engánase* **Unha refundición**

O primeiro que quero facer é dar as gracias por esta invitación tan amable e que é unha invitación que un escritor agradece, a invitación a ler e escribir un conto.

Fixen o que me pediu Eva Valcárcel, que foi escribir un conto, partindo dun relato hispanoamericano. Gustoume moito a idea, primeiro porque a experiencia de reescribir un conto escrito por outra persoa non me resulta extraña, e téño feito nalgunha ocasión para aprender dos escritores que me gustan.

Gustóume esta suxerencia de escribir un conto basándome noutro, porque isto obrigoume a recapitular qué contos hispanoamericanos me tiñan impresionado. E son moitos porque, pertenzo a esa “semixeneración”, que ós catorce ou quince anos de idade, empezou a ler, e a literatura hispanoamericana era un referente importantísimo para a xente nova. Un referente no sólo literario, había moitas outras razóns que co tempo foron esvaíndose e deixando na cuneta moita literatura, pero a literatura boa permanece. E digo que esto é importante porque os relatos que un le nese momento, nos catorce, quince, dezaseis anos, impresionano especialmente. É unha literatura as veces imborrable, mais aínda cando, coma decía, neses anos o mundo editorial era diferente. Era o momento da editorial Losada, das editoriais mexicanas, arxentinas, e o que nós líamos de literatura, literatura francesa, era tamén literatura hispanoamericana porque as traducións eran arxentinas ou mexicanas. A este respecto recordo que eu lín, creo que era un libro de Malraux, que nalgún momento decía: “Era un día caluroso como un día de enero”. Evidentemente, o traductor era arxentino, como sabedes en Bos Aires, “enero” é un mes moi caluroso, entre nos non tanto e en París moito menos. Ben, como decía podía escoller eses contos da miña adolescencia: podía escoller a Cortázar, podía escoller a Borges, pero o final decanteime por un autor e unha autora, dos que realmente sei moi pouco, por non decir que non

sei nada. É un conto que se titula “El destino es chambón”, palabra que tampouco sei exactamente o que significa, somentes supño o que significa. É un conto que está na *Antoloxía de la literatura fantástica* que fixo Borges en colaboración con Silvina Ocampo e Bioy Casares. Para mín ese libro foi una especie de Biblia durante moito tempo e sei doutra xente para a que tamén foi así. O conto é un conto, por tanto, arxentino, de principios de século e está escrito por Arturo Cancela e Pilar de Lusarreta. Os dous son escritores arxentinos. A razón de por qué escollín este conto fronte a outros que o mellor podían ser mais apaixonantes é que é un conto moi irónico, é un conto moi divertido como sabedes os que o coñecedes que seguramente seredes moitos. E para mín a ironía neste caso é unha ironía perfectamente traducible, eu síntoa coma unha ironía moi próxima. A este respecto quero dicir que eu teño a teoría de que así como a seriedade é universal, e todos os países son serios da mesma maneira, sen embargo, a ironía non, e cada país é irónico de algunha maneira, ou cada literatura, ou cada escritor. A ironía é múltiple, mentras que a seriedade non é tan múltiple e, ademais, é máis homoxénea. Este é un conto que é, en certo modo, un poema irónico a una cidade, neste caso, Bos Aires e o seu desenrolo. Eu lendo, e sabendo que ía vir aquí, á Coruña, a falar, pareceume tamén fácil de traspoñer este mundo irónico-mítico de cidade que existe en Arxentina con respecto a Bos Aires e que polo menos para mín existiu sempre en Galicia con respecto á Coruña. Teño que explicar por qué: para mín A Coruña sempre foi unha cidade fascinante, eu son de Lugo, son máis ben da provincia de Lugo, pero, bueno, vivín en Lugo a miña infancia e A Coruña foi hasta os catorce anos a única cidade grande á que puiden ir. Vivín unha parte de miña vida en Irlanda cando era pequeno, pero nunha cidade aínda mais pequena que Lugo. Ben, pois como digo, Coruña era para mín a cidade grande, a cidade mais grande que coñecía, e un certo referente mítico, sobre todo porque a miña avoa, que vivía con nós por aquela época, sempre decía: “Cando vivíamos na Coruña...”. E ela referíase a unha época na que a miña familia paterna, que era unha familia mais ben humilde, de reloxeiros e de pasteiros, é dicir, de artesáns, tivo unha extrana fortuna histórica durante un ano que foi cando o meu avó foi gobernador civil da Coruña, foi o primeiro gobernador republicano de Coruña, era un conspirador, masón, esquerdistista e galeguista que, por azares do destino, acabou sendo gobernador civil da Coruña, pero que dimitiu rápidamente porque non era o seu. Se aquí na Coruña a miña familia materna tivo unha vida regaladísima, unha vida que nunca tiveran alá na Riveira de Piquín que era de onde procedían eles, na zona da provincia de Lugo. Entón na miña familia quedou esto. Despois naturalmente veu a guerra, o meu avó morreu a consecuencia da guerra, e quedou na miña familia coma unha cousa un pouco máxica, o recordo dese amo que viviron na Coruña, sendo a familia do gobernador civil.

E por último, a terceira razón pola que escollín este conto, é xa un pouco mais seria e mais estrictamente literaria, menos persoal, e é que se trata dun conto que fala dun dos temas que a min máis me interesa é máis me interesou sempre, o que máis me fascinou, que é a casualidade. A historia, para os que non a coñezades en absoluto, trata dun conductor de tranvías que sofre dous accidentes iguais en dous momentos distintos. Eu podía lervos o conto orixinal, o que pasa e que é relativamente longo e o meu, case tan longo, pero penso que é casi mellor que coñezades este outro relato a través do meu e despois comparedes porque, si lemos aquí os dous, na comparación estou seguro de que eu saíría moi pouco beneficiado. En fin, paso a leer o conto e a ver que vos parece, espero que vos guste. Titulase, o título que eu lle din é case o mesmo que o título arxentino, titulase “O destino engánase”.

### “O destino engánase”

Polos primeiros do século, na Coruña, un humilde empregado, Gaspar Regueira, natural do municipio de Antas, converteuse un día, moi ó seu pesar, en inesperada metáfora do Progreso Humano. Regueira conducía un dos novos tranvías eléctricos pola coruñesa rúa de San Andrés . Había tan só un par de semanas que a Compañía de Transportes decidira poñer todos os cabalos que posuía nunha corte nas aforas e dar saída ó novo medio de locomoción. Os coruñeses, sempre amigos das novidades, mostráronse no común satisfeitos deste cambio e toda a prensa saudou o tendido dos cables, eses cables de cobre cos que a electricidade se estendeu sobre as rúas, dándolle a cidade un estrano pero moderno aspecto de marioneta.

Tamén estaba satisfeito Regueira, que aborrecía ós insectos que acompañaban a vella tracción hipomóbil e que, ademais, non se levaba cos cabalos. Ía todo feliz co uniforme modificado -os botóns levaban agora un raíño representando a electricidade -mirando para as señoritas da rúa de San Andrés, cando se lle cruzou polo medio unha egua sucísima tirando dun carro. A embestida foi inevitable. Como o carro era o dun carboeiro que andaba a vender o carbón, do torgo, o columnista de *La Voz de Galicia*, sempre atento a estas oportunidades, aproveitou para facer un paralelismo: era o Progreso, unha nova época e unha nova forma de enerxía que superaba, e mesmo arrolaba, físicamente á de antes. Non era exacto. Certo que o carro do carboeiro quedara desfeito e a rúa de San Andrés estrada de carbón que apuraron a recoller os cativos. Pero, en realidade, ó carboeiro non lle pasara nada, e en cambio a Regueira houbo que levalo ó hospital porque rompera a perna esquerda.

Cas presas, a perna quedoulle mal e Regueira sempre se laiou`despois de non ter ido ó compostor de Fraialde que todos decían que traballaba moi ben a

tibia dese lado. Non é que lle importara andar coxo. “Tampouco son guapo” - explicoulle á sobriña para se consolar cando o foi visitar ó Hospital. Pero para o seu traballo, subir e baixar axiña do tranvía, tiña a súa importancia.

Logo se viu que, símbolo da vertixinosa marcha do Progreso durante un día, Regueira, coa súa perna mala, non podía seguir esa vertixinosa marcha. O cabo dunha semana da súa reincorporación, o xerente fíxoo chamar ó despacho. “Regueira, teño un destiño que lle vai ir millor” -díxolle sen mirar para él mentres limpaba nos lentes.

“Ui —dixo Regueira— ¿o cal?” “—Un que está moi ben”— explicoulle o xerente. “—Moi ben, ¿cómo?— insistiu Regueira”. —“Ti xa verás”—detallou o xerente. E puxeron a coidar dos cabalos vellos na corte das aforas.

Sí, o Progreso ía para un lado e Regueira para outro. Aceptou resignado e pediu que polo menos lle deixaran quedar co uniforme. Discutírono moito e ó final deixáronlle quedar coa pucha, porque”só lle servía a él.

Cando chegou para traballar o primeiro día, entendeu. Mirou para as caras das bestas e as bestas miraron para él: eran o mesmo, Regueira os cabalos; os cabalos Regueira. Regueira, que na aldea falaballes moito ós animais, prometeuse non dirixirlles a palabra a éstos. Non pensaba descender a eses tratos. Él polo menos conservaba a pucha.

Durante unha longa semana foi Regueira a traballar á corte. Estrou, limpou, acepillou, restregou nos cabalos, recolleu a palla, administrou salomónicamente a cebada, encheu as maseiras, queimou o estrume. Todo sen decir unha palabra, sen cruzar unha soa frase coas bestas. Tiñaas a menos.

Pero, ¿quén é quen de estar calado moito tempo cando non é feliz?. Regueira non; e primeiro cunha palabriña aquí, logo cun comentario alá. En fin, acabou tendo as largas parrafadas cos cabalos. Eran estes cabalos ourensáns da Limia, grandes de alzada, orellas finas e pequenas, pescozo curto e moita crin, cascós pequenos e duros, e serdas longas no fociño que asemellaban bigotes, que lles daba un aire serio e maduro coma de gardas urbanos.

E claro que os cabalos non lle respondían. Pero entender ós animais, o que se di entendelos, consiste sobre todo en entenderlles o que non din. E Regueira entendíaos. Eran efectivamente coma él e coma él estaban desasosegados. Querían ver A Coruña, a Mariña, o Porto, a Torre, o Atlántico, e mesmo tardaballes ver os tranvías eléctricos que a eles, nun esforzo de obxetividade, tamén lles gustaban. E tamén querían ver ás señoritas da rúa de San Andrés.

Pasou un ano e parecía que moitos outros lle habían de seguir, todos idén-

ticos coma ovos, pero non foi así, porque foi entón cando se produciu o apagamento.

Foi un venres, día malfadado. Unha treboada chegou polo mar, e librou un cento de raios e de lóstregos sobre a cidade. Un deles foi caer na Fábrica da Luz e algo debeu queimar porque a luz foise en todas as ruas e nas casas. Os xornais da época recollen o feito abundantemente e interpretano coma un pulso entre a electricidade divina e humana. Esvaíuse o alumeadado público e a cidade quedou ás escuras, expectante. Logo, ós poucos, foi volvendo a luz ás ventás, pero esta volta era a das velas, gardadas en todas as casas para pagar favores ós santos, que quedaron así por varios días desatendidos. Regueira vira a treboada desde a casa bastante indiferente, sen pensar pouco nen muito en que aquilo fose con él. Pero pola maña seguía sen haber luz e os tranvías novos tiveron que quedar nos angares da Compañía, inútiles moles de ferro sen vida. Parecía que o Progreso tamén fallaba ás veces... Regueira permitiuse unha sorriso leve que nél era o que noutros unha terrible vinganza. Alí estaba o xerente, diante da corte, cos pes riba dun periódico para non estragar os zapatos na lama, cunha percha que tiña conta do uniforme de Regueira. “—Veña, Regueira”— dixolle ó velo chegar —“Veña axiña, hai que sair co cinco para San Andrés”. O cinco era o mellor dos tranvías de tracción animal. Daquela Regueira entendeu: non é que o Progreso se trabucara, mais ben parara un momentíño a sua marcha veloz para darlle unha oportunidade a él. Con todo, o Progreso non era tan malo... Feliz, pero digno, armou o tiro do tranvía. Os cabalos, primeiro sorprendidos e logo compracidos, parecelle a él que tamén se poñían dignos, e así o vello número cinco arrancou e enfilou a costa.

O primeiro pasaxeiro que colleron foi unha velliña que non notou a diferenza. Ía a “La Moderna” a mercar cinta de raso. “—Vaia a modo”— dixolle nada mais subir— “que este trasto é moito trasto”. ¿Recoñecerao?. Regueira pensou que non. En todo caso, esta vez ia levar os ollos ben abertos. As paradas estaban ategadas de xente incomodada, pero a Regueira tanto lle tiña. Él disfrutaba desta expectación. Facíalle sentir imprescindible.

“—Pero, ¿e os tranvías eléctricos? —preguntaba un paisano.

“—Morreron”— respondíalle Regueira, satisfeito- “Acabouselles a saliva”.

Era un día de sol, claro, claro coma aquel no que desde alí o fillo de Breogán viu Irlanda. Un día fermoso para entrar na Coruña e facelo así, con bo tempo e o uniforme limpo. Regueira aspiraba o arume do alcanfor, e iso facíao sentir mozo, como cando chegara da aldea e llo deran por vez primeira. En canto ós botóns, os incoherentes raíños que querían simbolizar a enerxía eléctrica,

dábanlle agora a él un aire heróico, como de Xúpiter romano ou calquera outra divinidad das tormentas e a natureza. O tranvía, que empezara o seu recorrido alborotado coma un poleiro, con labregos e costureiras que falaban da praza e do tempo, era tamén unha máquina social que atravesaba a cidade e tamén a sociedade dos homes que a habitaban. Así, a medida que se ían achegando ó centro, baixaban os labregos e subían os carpinteiros da ribeira, os criados e os contables das navieiras e logo baixaban as costureiras e subían os pasantes e os estudantes e os frades. E logo baixaban os zapateiros e os comisionistas e subían os avogados e os médicos, e o tranvía quedaba case en silencio, só co leve rumor de pasaren as páxinas de periódico que eran coma o alexar dun anxo cheo de benestar. Xa estaban en San Andrés. Regueira estirou o pescozo para ver á xente elegante e ás señoritas.

Tan entretido ía mirando para ás señoritas que non viu que diante dél, sobre as vías, un hispano-suízo avariado, impedíalle o paso. Pouco lle faltou para irse contra el, pero os cabalos, que sí ían mirando cara adiante, pararon a tempo e quedaronse mirando escépticos aquel novo medio de transporte, aínda moi raro polas ruas da Coruña. Un home e unha muller, vestidos coma aeronautas, non o daban posto en marcha. Xa estaba a baixar Regueira do tranvía para axudalos, cando de improviso no motor catalán de catro cilindros, prendeu o combustible e produciu un estoupido tal que os cabalos choutaron estarrecidos. E un deles foi poñer unha pata xusto sobre a perna de Regueira que caera na vía. Regueira partira a perna, pero esta vez a outra, a dereita. “—Xa lle dixen que andara a modo” —díxolle desde o tranvía a primeira señora que subira e que seguira alí todo o tempo coma unha advertencia que Regueira non fora quen de interpretar.

¿Quería isto decir que o futuro estaba nos motores de explosión? Se cadra sí. En todo caso Regueira foi un dos primeiros en meditalo, xa canso de que o Progreso a collera con manifestarse sempre a través dél coma se fose o seu profeta.

Non lle deron a mesma cama do Hospital porque na realidade as casualidades adminístranse con moita mais parsimonia que nos contos. Pero sendo coma son todas as camas do Hospital idénticas, tanto lle tiña. E foi alí deitado, contemplando o calendario do ano mil novecentos vinte e pico, onde Regueira entendeu finalmente. Ergueuse e foi onde o armario compartido. Abríuno e mirouse na lua de espello que tiña por dentro e viu que alí a súa perna dereita era a esquerda e a esquerda a dereita e viceversa. Entendeu que o destino un ano atrás, enganárase e partíralle a perna que non era. Era a perna esquerda a que tiña que ter partido, é agora, moito despois, o destino decatábase do seu erro e corrixíao. E Regueira volveu para a cama, a comer os bombóms que lle trou-

xera a sobriña, e púxose a pensar que o mesmo que o destino se enganara niso, o mellor se enganara en outras cousas, e en cómo lle tería cambiado a vida se o destino non se tivese enganado aquel día. E pensando, pensando, foi fiando unhas cousas con outras e inventándose outra vida ben distinta coas cousas que non lle pasaran. E nesa vida, segundo se mirase, ata podía ter chegado a ser xeneral ou avogado, ou mesmo presidente da República Oriental do Uruguai.

Éste é o conto.